

## Declaración de Santiago de Compostela 2021

### **As cooperativas, motor dunha recuperación máis social, sostible e participativa**

Esta é a Declaración do movemento cooperativo galego, como axente activo, eficaz e comprometido co desenvolvemento e o crecemento socioeconómico da nosa terra, Galicia. O cooperativismo leva aportado moito ao desenvolvemento económico, tanto en termos de emprego, promovendo un emprego estable e de calidade, como de xeración de riqueza e benestar social, así como en innovación social, ofrecendo solucións participativas e corresponsables a retos económicos, sociais, dixitais, medioambientais, enerxéticos ou demográficos. As cooperativas actúan tamén como axente de fixación da poboación en zonas que padecen despoboamento e favorecen a igualdade de oportunidades para todas as persoas, con independencia da súa condición ou xénero. Ademais, as cooperativas téñense demostrado entidades resilientes chamadas a lograr, xunto co resto da economía social, unha recuperación económica máis social, sostible e participativa.



O cooperativismo galego está formado na actualidade por 1.500 cooperativas activas, cun constante e progresivo crecemento, incrementado nos anos de crise económica, identificándose como un modelo empresarial que conta cunha maior capacidade de adaptación a un entorno cambiante como o vivido nos últimos tempos. Esta situación actual non é froito da sorte, senón resultado do traballo que se vén desenvolvendo dende as propias cooperativas, as súas asociacións representativas e as institucións públicas competentes na materia. Un traballo coordinado que tivo o seu primeiro

impulso relevante coa aprobación da Lei 5/1998 de Cooperativas de Galicia e a creación, tres anos despois, do Consello Galego de Cooperativas.

En Galicia as cooperativas están presentes en todos os sectores de actividade económica e empresarial, liderando, en moitos casos, a innovación que neles se leva a cabo, ademais da súa implantación en actividades sociais, culturais, asistenciais e humanistas de modo e forma incuestionable. A figura cooperativa ten moitas caras e moitas maneiras de manifestarse fronte á sociedade e as súas necesidades e problemas, facéndoo sempre dunha maneira comprometida, solidaria, democrática e xusta. Os seus principios e valores, aplaudidos internacionalmente, deben ser coñecidos e transmitidos ao conxunto da cidadanía, para a súa posta en valor.

Cabe destacar o seu papel clave na xestión, administración e transformación dos actuais modelos produtivos no sector primario, servizos, e industriais, pero tamén no eido dos coidados, a cultura, a enerxía renovable e os novos modelos de vivenda. Este impulso na xestión, e transformador xunto coa súa demostrada adaptabilidade, fan que este modelo empresarial se caracterice por xerar sistemas económicos eficientes e resilientes.

O movemento cooperativo forma parte destacada da economía social e ambos o dous constitúense en aliados imprescindibles, non só na estratexia de recuperación económica, senón tamén na implementación dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) para o ano 2030. Porque os fins establecidos polos ODS forman parte do ADN cooperativo. Así, a primacía das persoas e o obxecto social sobre o capital, a gobernanza democrática e participativa, o reinvestimento de boa parte dos beneficios xerados para asegurar a sostibilidade a longo prazo da empresa e a prestación de servizos aos seus membros e ás comunidades locais, os empregos de calidade e a igualdade entre persoas son xa unha realidade nas organizacións cooperativas e nos contornos onde estas operan.

No cooperativismo asumimos tamén o compromiso co desafío climático. As cooperativas están comprometida coa loita contra o cambio climático e o reto da biodiversidade porque cremos firmemente que o cooperativismo ten que formar parte da solución e porque sen sostibilidade económica non poderá existir sostibilidade ambiental. A nosa contribución á fixación de poboación en todo o territorio, a aposta polos coidados das contornas mariñas e a produción sustentable, en todos os ámbitos, son algunhas das realidades das que o cooperativismo xa é un motor de cambio.

Por todo o mencionado é polo que a Unión de Cooperativas Agaca e a Unión de Cooperativas EspazoCoop fan pública esta Declaración de Principios e solicitan das institucións e entidades, públicas e privadas:

**1. Impulsar ás cooperativas a través de políticas públicas,** plans e accións concretos e acceso aos fondos especiais de financiamento, conxuntamente coas persoas e entidades que compoñen este movemento. O proceso de deseño e formulación destas políticas públicas deberá levarse a cabo en cooperación coas entidades do eido cooperativo, buscando a transversalidade para mellorar a súa eficacia e impacto no sector e no conxunto da sociedade.

**2. Promover o modelo de desenvolvemento económico, social e ambiental que representa o cooperativismo,** co obxectivo de consolidar no eido económico e empresarial a responsabilidade social e ambiental e o bo goberno.

**3. Apoiar a xeración de ecosistemas favorables ao cooperativismo e á totalidade da economía social mediante un traballo conxunto entre Administracións públicas e o propio sector,** para desenvolver marcos legais, plans e estratexias que aseguren e configuren as condicións normativas adaptadas ás súas particularidades e favorables ao seu desenvolvemento. Estas adaptacións normativas deberán manter a esencia e os principios que definen ao cooperativismo, de igual forma que permitirán a adaptación e creación de novas tipoloxías cooperativas que posibiliten e potencien iniciativas e servizos dirixidos a atender necesidades reais, nun contexto cambiante.

**4. Asegurar a existencia dun soporte financeiro axeitado para a consolidación dun cooperativismo viable e sostible,** incluíndo e fomentando o emprendemento e a consolidación das cooperativas, mediante programas, proxectos e fondos europeos, estatais, autonómicos e/ou locais, favorecendo a existencia dunha estrutura de financiamento axeitada. Garantir o acceso do cooperativismo aos fondos europeos tanto de recuperación como de crecemento; ao tempo que traballar na posta en valor e presenza dos principios e valores do cooperativismo, nas políticas públicas.

**5. Reforzar o recoñecemento do cooperativismo como axente esencial para unha recuperación sostible, igualitaria e xusta, xeneralizada e participativa da crise causada pola pandemia da covid-19.** En particular, apoiar a posta en marcha de iniciativas locais de sostemento favorables a longo prazo, a transmisión de coñecementos e prácticas entre axentes do cooperativismo e con outros axentes socioeconómicos. Compromiso coas cooperativas, nas que priman as persoas fronte a outro tipo de consideracións, para que sexan axentes de cambio e beneficiarias reais do mesmo.

**6. Mellorar o nivel de coñecemento e relevancia pública de datos e estatísticas sobre as empresas e entidades do cooperativismo** que permitan coñecer as súas características, así como medir o seu impacto, promovendo a cooperación entre o mundo académico, os centros de investigación e as entidades e empresas da economía social.

**7. Recoñecer ás cooperativas como ferramenta fundamental para salvagardar a sostibilidade económica do sector primario, afrontar o reto medioambiental, a acción polo clima, a dixitalización e evitar o despoboamento das zonas rurais en Galicia.** O cooperativismo é unha a ferramenta clave para aplicar os cambios do modelo, mediante a xeración de valor no mercado e a eficiencia produtiva. Esta panca de cambio susténtase nos servizos de asesoramento, produción e acompañamento baseados no coñecemento do territorio e aspersoas que forman os proxectos conxugada coa innovación na produción de produtos bens e servizos.

**8. Atender as necesidades que esixe un dos grandes retos aos que nos enfrontamos as cooperativas, ao igual que o resto do tecido empresarial galego: o de dotarnos dunha maior dimensión para poder participar dun mercado cada vez máis global, salvagardando a sostibilidade das nosas organizacións e do noso entorno.** E así o estamos a levar a cabo, sobre todo nos últimos anos, co nacemento de novas realidades empresariais máis competitivas. Porén, este proceso debe ser acompañado por parte de todos os poderes públicos non poñendo impedimentos aos mesmo, nin xurídicos nin económicos, e facilitando que estas integracións se leven a cabo dun xeito seguro e sen a perda de recursos.

**9. Recoñecer ás cooperativas como entidades que favorecen a captación de recursos económicos e a xustiza económica non só para as persoas que forman parte delas senón tamén para a cidadanía.** É por isto que avogamos por un modelo económico máis transparente onde a trazabilidade na cadea alimentaria permita acadar o equilibrio necesario entre a produción e a venda, garantindo que a xeración de valor e as melloras na rendibilidade se vexan incentivadas. Só este ecosistema produtivo máis xusto pode atraer á mocidade a desenvolver o seu proxecto vital no sector primario.

**10. Fomentar a presenza do cooperativismo nas actividades educativas, formativas e de capacitación profesional para a adquisición de competencias e a aprendizaxe ao longo da vida,** ao tempo que incluír o emprendemento cooperativo en todas as áreas de actividade, dentro dos plans de estudo nas diferentes etapas educativas.

**11. Promover o desenvolvemento e xestión participativa de actividades, mediante cooperativas, nas políticas e proxectos relacionados coa internacionalización das empresas, a cooperación internacional** para o desenvolvemento e o cumprimento dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.

Reunidas en Santiago de Compostela, o día 4 de novembro de 2021, a Unión de Cooperativas Agaca e a Unión de Cooperativas EspazoCoop acordan asumir estes Principios, recomendacións e compromisos, deixando constancia disto coa sinatura das súas Presidentas.

Unión de Cooperativas Agaca  
A Presidenta

Unión de Cooperativas EspazoCoop  
A Presidenta

Asdo. Carmen Rodríguez Rodríguez

Asdo. Ana Olveira Blanco